



**Orde SND/422/2020, do 19 de maio, pola que se regulan as condicións para o uso obrigatorio de máscara durante a situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.**

## DENDE O XOVES 21/05/2020

A presente orde surtirá plenos efectos dende **o día seguinte ó da súa publicación** no “Boletín Oficial do Estado” e manterá a súa eficacia durante tódala vixencia do estado de alarma e as súas posibles prórrogas.

### ¿QUÉ MÁSCARA?

Se entenderá cumprida a obriga mediante o uso de calquera tipo de máscara, preferentemente hixiénicas e quirúrxicas **que cubra o nariz e a boca.**

### OBRIGADOS

As persoas de **6 anos en diante.**



### NON OBRIGADOS

- Nos seguintes supostos:
  - a) Persoas que presenten algún tipo de **dificultade respiratoria** que poida verse agravada polo uso de máscara.
  - b) Persoas nas que o uso de máscara resulte **contraindicado** por motivos de **saúde** debidamente xustificadas ou que pola súa situación de **discapacidade** ou dependencia presenten **alteracións de conduta** que fagan inviable a súa utilización.
  - c) Desenvolvemento de **actividades** nas que, pola propia natureza destas, resulte incompatible o uso da máscara.
  - d) Causa de **forza maior** ou **situación de necesidade.**

### ¿ONDE?

O uso da máscara será obrigatorio na vía pública, en espazos ó aire libre, en calquera espazo pechado de uso público ou que se atope aberto ó público, **sempre que non sexa posible manter unha distancia de seguridade interpersoal de polo menos 2 metros.**



**MÁSCARA QUIRÚRXICA**